

29 MAIO DO 2008 - NÚMERO 720

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Ano 70 da era Ferrín



Ferrín, ano 70

A luzada da nación

A.R. López / Montse Dopico

Onte mesmo, Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1939) converteuse no primeiro Premio Nacional de Literatura de Galicia, un galardón que recoñece o seu protagonismo no cambio de rumbo da escrita galega durante as últimas décadas. Obras súas como o poemario *Con pólvora e magnolias* ou a novela *Bretaña esmeraldina* marcaron un referente na consolidación da chamada Nova Narrativa ou na refundación da lírica tras o esgotamento do realismo social. O Premio Nacional chégalle, ademais, en vésperas de cumprir setenta anos, motivo polo cal Revista das Letras lle dedica este monográfico. Unha entrevista –onde repasa, especialmente, os procesos do seu compromiso político– e tres artigos de colaboración –Xabier Cordal, Anxo Angueira e Antón Dobao– debuxan o perfil dun escritor cruzado pola luzada da nación.

Xosé Luís Méndez Ferrín espera no Instituto Santa Irene de Vigo, onde segue a darlles clases aos seus case setenta anos, que cumpre o próximo agosto. O instituto e o barrio que o rodea, o popular barrio das Travesas, conforman o centro emocional dun mapa que leva Galicia co puño en alto. Sentamos no seu departamento –libros amoreados en orde sobre a mesa- e o fotógrafo tiralles as instantáneas mentres el fala, completamente abstraído da presenza da cámara. Ningún dos dous sabemos aínda que lle van conceder o Premio Nacional da Cultura galega no apartado de Literatura e a primeira pregunta é polo Nobel: “sempre impresiona entrevistar un escritor que é candidato ao Nobel”. El ri con sinceridade propia dun adolescente: “pode haber tantos candidatos ao Nobel como habitantes hai no mundo. O que máis me enorgullece da miña candidatura é que estea asinada por tanta xente do pobo”. Son case tres horas as que permanecemos alí, el relaxado e xeneroso co tempo, aínda que elude estenderse polos aspectos persoais e íntimos das preguntas: prefire as cuestións políticas, tanto as do pasado como as actuais, moi descontento co papel do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Xunta e coa “invisibilidade” de Emilio Pérez Touriño como presidente do goberno. O resultado final da entrevista é un percorrido ao longo da súa militancia e dun momento histórico do que el foi testemuño e protagonista.

“A cultura literaria de expresión galega, vasca ou catalá están imposibilitadas para que os seus escritores reciban o Nobel. O premio concédese, sobre todo, aos escritores das tres grandes linguas literarias do mundo: o inglés, o francés e o alemán. A única excepción nas linguas pequenas son as escandinavas, pero elas teñen enchufe porque xogan na casa. A xaponesa, a árabe, a española ou a rusa teñen moi poucos Nobel. Non hai un só premio dunha lingua africana. Non quere dicir que non haxa escritores: o que non hai é vontade.

“Galicia e os galegos somos realmente invisibles. No dicionario Lelo Universal do portugués, redactado e escrito a menos de douscentos quilómetros de onde estamos, define o Miño como río de España que nace nas Asturias e desauga en Camiña. É un xogo de ilusionismo máis perfecto que os de Hudini. Galicia é invisible, mesmo para Portugal.

“O primeiro recordo que teño de min é na praia de Portocelo, en Marín, cos meus pais e coa miña familia. Tería tres anos. Non sei se se poden ter recordos desa idade pero o certo é que me lembro na praia. Supoño que para un rapaz do interior a visión do mar impón moito e por iso se me quedou gravado

“A miña infancia é a típica dun fillo único da pequena burguesía urbana nunha cidade como Ourense [1938] e que pasaba estadias constantes nunha vila moito máis pequena, Viilanova dos Infantes. Teño un moi mao recordo da presión ideolóxica da Igrexa católica universal e esmagadora en Ourense, pero non en Vilanova. Era unha Igrexa capadora case, executora.

“Era un neno traste pero non tanto como o meu amigo Xaime Quesada. Quesada era unha especie de líder que nos levaba a facer verdadeiros disparates, como escapar coas cruces no medio da profesión do Corpus, vestidos de primeira comunión, e ir até o río Miño. Foi unha valentía case temeraria. Quesada era a hostia.

“A adolescencia paseina en Pontevedra. Supuxo un cambio de aires. Alí a miña familia era menos coñecida. Foi un traslado un pouco brusco, porque trasladaron o meu pai como funcionario. As lembranzas de Pontevedra son magníficas. Parecíame un lugar moito máis pequeno e amable que Ourense. Non teño a sensación dunha especial represión, aínda que si estreiteces económicas, porque coincide na época do Plan de Austeridade do ministro Ullastres, que fixo que houbera problemas económicas nas familias da clase media. Supoño que

na clase obreira as estreiteces hainas sempre. Daquela xa me desenvolvía á marxe da Igrexa. Aos 15 ou 16 anos comecei a formularme o ateísmo como unha posibilidade. Despois converteuse nunha decisión. Na miña adolescencia circulaba entre nós o Sempre en Galiza de Castelao. Oíase a Radio Independente. Era entrar nunha dimensión de resistencia ao sistema desde o individual. Por suposto, non iamos a nada que tivese que ver coa Falanxe. Se tal, Acción Católica, que en Pontevedra era unha institución liberal e galeguista. Pontevedra é un lugar moi especial.

“Na universidade xa tiña unha politización de signo antifascista, nacionalista e, portanto, democrática e de esquerdas. Do marxismo decateime moito máis tarde, en Oxford, ao terminar a carreira. No medio no que eu me desenvolvía había moitos ingleses e estranxeiros coma min. Eran círculos marxistas, con moita xente africana das colonias, mozos intelectuais, que estaban moi avanzados no coñecemento marxista. En realidade, o marxismo era aquilo que eu sospeitaba: Era o previsto. Non foi unha sorpresa para un rapaz materialista, antifascista que quería unha sociedade igualitaria. En Oxford tamén me decatei do importante que é o marxismo para a liberación nacional. Entendíano moi ben os negros, os meus amigos, moitos deles mortos en Nixeria na loita pola independencia. Outros chegaron a ser ministros. Nesa cuestión, foron clave os textos de Mao e de Ho Chi Ming, que falaban moito da relación entre marxismo e liberación nacional. Ho Chi Ming, sobre o caso de Vietnam, dicía que o proletariado ten que ser o encargado de dirixir esa liberación e que as outras clases sociais deben unirse a el. Eu víao moi aplicable a Galicia e desde logo, todo o nacionalismo galego, agás se dexenera, vén da esquerda. A outra vía era a de Ramón Piñeiro, pero extinguiuse. A marxista continúa a través da grande obra dos sindicatos galegos, no propio goberno da Xunta, na realidade que mobiliza e orienta a orde social.



“No 62, entro nunha actitude política activa. Pero non só fun eu: tratouse dunha cuestión xeracional. Descubrimos que o camiño polo que ían os círculos de Ramón Piñeiro era un movemento elitista. En 1963 había que ter un partido en Galicia de carácter nacionalista porque, ademais, empezabanos a ser colonizados pola esquerda española, sobre todo pola expansión do Partido Comunista (PC). Había que apoiar a revitalización do Consello de Galiza como órgano da lexitimidade da republicana galega, algo que os piñeiristas rexeitaban. Uns actuabamos á luz e outros na clandestinidade. Á luz había unha serie de sociedades aparentemente culturais, algunhas que aínda existen. A miña Asociación Cultural de Vigo deixáronoa morrer deliberadamente os propios socios. Foron importantísimas, pois crearon unha rede

Na fotografía, Ferrín nun car-naval no Guadarrama, en Madrid, no 1958

que o PC non tiña, cunha serie de ateneos vivísimos e un circuíto de conferenciantes que se enfrontaban ao debate político. Foi unha grande etapa...

“A creación do Consello da Mocidade foi un proceso máis complicado, que rachou ao mesmo momento de comezar, pero incluso rachando foi un fervedoiro de vida política. Galicia entrou nunha nova era: a da organización e a actividade clandestina dura. Créase a Unión do Pobo Galego (UPG) e o Partido Socialista Galego de Piñeiro créase formalmente, aínda que non se move. O PC multiplica as súas células e enseguida van aparecer os grupúsculos de orixe non galega que pouco a pouco se van galeguizando, como os maoístas e os trotkistas. Estamos nos grandes anos que moven a conciencia do país: a grandes citas. En 1964, é axitación de Castrelo de Miño, onde se enfrontan os campesiños contra o capital monopolista representado por Fenosa, nun movemento de forza inusitada e gran repercusión política no país. No 1968 foron os estudantes, unha revolta que a min me colleu preso na cadea de Vigo. Houbo unha grande campaña de pasquíns da UPG. Ese ano foi tamén a primeira vez que o PC convocou mediante milleiros de panfletos e pintadas o primeiro de maio e a primeira vez que a UPG convocou o 25 de xullo. Hai detidos e presos, malos tratos e unha xeración enteira de galegos empeza a entrar ao tribunal de orde pública. Vaise formando unha bóla de neve que se fai cada vez máis grande até chegar ao 1972. Ese é o momento da toma de conciencia obreira a partir dos asasinatos de Ferrol e despois da grande folga xeral de Vigo de maio e setembro. Houbo centos de



presos e xuízos especiais... Mesmamente Franco enviou un chamado “hombre bueno” para mediar cos escapados e cos presos e atenuar politicamente os castigos. Eses tres anos son os que mudan totalmente a conciencia do país a nivel de masas: os campesiños, os estudantes e os obreiros.

“A UPG xorde arredor de 1963. Despois da ruptura do Consello da Mocidade, algúns camaradas foron ao PC, como Cribeiro, e outros decidiron manter a idea de unión do marxismo e nacionalismo. O líder dese movemento foi Luis Soto, a música púxolla Ferreiro e quen nos esforzamos en convertelo nun pequeniño partidos foromos nós, eu entre eles. No 1964, existe xa unha dirección variada: hai mozos, vellos, mulleres, antigos galeguistas, esquerdistas da República, intelectuais.... No despacho do avogado Amadeo Varela, aprendimos como se organiza a xente claudestidamente, como se fan as asembleas e tamén como se soporta a represión. A Soto, como era mexicano, e xa maior, a policía interrogouno a fondo na Coruña e devolvérono a México.

“En 1975, a UPG tiña unha dirección formada por moi poucas persoas, aínda que posuía moita forza. O funcionamento era absolutamente autoritario: había

unha dirección nacional que se nutría por cooptación. Non había nin congreso, nin nada... Eu, canso e con crises persoais grandes, retireime da UPG, pero non para rascala, senón para fundar un sindicato, porque cría que debíamos saír do franquismo con sindicatos obreiros. Fundei, de forma protagonista, con magníficos compañeiros, a UTEG [Unión de Traballadores do Ensino de Galicia], moi apoiado por Soto, que fora secretario da FETE-UGT. Logramos entrar na Internacional dos Traballadores do Ensino. Na dirección da UPG estaban daquela Xosé Ramón Reboiras, Francisco Rodríguez, Xosé Ramón García Crego e Xosé González, “Pepiño de Redondela”. Había outros máis, pero non falaban. Todos menos Francisco Rodríguez, que procedían do PC-ML, viñan da cuadra de Vigo e Cangas, deste instituto de Santa Irene, deste barrio das Travesa. Tiñan unha ideoloxía moi marxista leninista. Reboiras participara moito nas revoltas do 1972, en Barreiros. A actitude de Francisco Rodríguez era pegarse o rostro comunista a todo o que viñera, permanecendo como fose e aceptando todo... Non é verdadeiramente un patriota: non é un independentista... Mentres se mantivo este equilibrio, a UPG funcionou. No 75, matan a Reboiras e queda o equilibrio rómpese. Francisco Rodríguez, coas axudas doutros, consegue expulsar a Xosé González sen máis, por subxectivismo... E Crego, nese mesmo acto, sepárase do partido, de xeito que Francisco Rodríguez como único xefe e de cando en vez chama por un Xosé Manuel Beiras e faille crer que é algo, que é alguén, que é necesario... Francisco Rodríguez é o líder político de Galicia, e de España, con maior tempo en activo. Eu, a partir dese momento de ruptura, estiven cos que marcharon. En certo modo, eran os meus discípulos, estudaran aquí no instituto e eran moi queridos e respectados por min. A historia de Francisco Rodríguez na UPG é a historia do Cuco, que pon o ovo no niño alleo e bota fóra os pitiños que estaban alí.

“Os programas da UPG e do Bloque Nacionalista Galego (BNG) que se van sucedendo, e a práctica municipal, revelan un abandono xeral dos seus principios. Os seus alcaldes presiden procesión nacionalcatólicas –como a da Reconquista de Vigo– ou que son xerentes, como o de Allariz. O BNG, que apoia a planta de gas de Ferrol, carece dunha liña ecoloxista e nos grandes temas non se pronuncia a favor dunha nacionalización de nada. Hoxe, a Consellería de Industria, levada polo Bloque, é responsable da tolemia ecolóxica dos muíños de vento. Polo tanto, a liña política dese partido paréceme desnortada, errática, con perda dos principios e tendencia cara á dereita máis neutra e acomodaticia. En todo caso, alá eles.

“Eu celebrei moito a presenza de Zapatero e o seu equipo, como celebrei a presenza desta xente de aquí, a coalición do Partido Socialista e do BNG, pero nestes momentos non podo ver con simpatías un goberno de Madrid que está exercendo a represión libre e dura contra o País Vasco, e un goberno da Xunta que está representando a ruína da nosa ecoloxía. Trátase dun goberno que non deu un só paso á reagrarización de Galicia, senón todo o contrario. Esas son causas que me fan estar radicalmente alleo ás súas políticas. No idioma non houbo pasos atrás pero tampouco vin unha vontade política clara, como a do Partido Nacionalista Vasco (PNV) no Goberno de Euscadi. E por iso hai que saír manifestarse á rúa. Eu non son amigo da Policía pero unha Policía galega é un centro de poder galego e por iso a hai en Cataluña ou no País Vasco, mentres aquí hai só un conato. Claro está, eu non me vou manifestar para que haxa unha Policía.

“Emilio Pérez Touriño non exerce como presidente. Parece máis presidente de Galicia o presidente de Asturias, Vicente Areces, que sempre anda por aquí. ¿Alguén lembra un discurso memorable de Touriño referíndose a calquera cousa das que verdadeiramente doe: a ordenación do territorio, os problemas salariais, os problemas da mocidade? Diante dos teus ollos e dos

meus, vemos como un lugar central da civilidade galega, que é o Panteón de Galegos Ilustres, pasa do poder civil ao poder eclesiástico e nin o goberno municipal de Santiago –de coalición entre PsdeG e BNG–, nin a Xunta lle deron a mínima explicación ao pobo, de xeito que os osos de Rosalía están baixo o poder da Igrexa católica. Bonaval é deles. Iso quere dicir que se goberna mal e que non hai ningún contacto fluído entre ningún conselleiro e as masas. Non van a foros, a conferencias, non están onde está a xente. A Touriño vino unha vez na miña vida nun acto do Pen Clube en Compostela e non o volví ver. ¿Por que non está na entrega do Pedrón de Ouro, ou na Casa dos Poetas de Celanova para honrar a Curros Enríquez, ou nun acontecemento da hípica, por exemplo, ou do deporte? Non está en nada. Os sindicatos teñen actos, pois que vaia falar alí e estar coa xente. Todas as semanas é raro que non vexa un programa da canle francesa Arte e é raro que non escoite un discurso de Sarkozy. Neses discursos sempre hai, polo menos, unha frase memorable. En Galicia temos unha ausencia de liderado. Non é que as consellerías do Bloque e as dos socialistas estean incomunicadas, que non están tanto como parece: é que Touriño non debería permitir que falasen tanto as consellerías. Debería falar el e ser a visibilidade das liñas do goberno. Se comparamos socialistas como Areces ou José Bono, a verdade é que eles existen e o noso presidente non existe. ¿Como vai haber un goberno que funcione seriamente sen eses mínimos requisitos? No Parlamento é xa irritante. Hai tres partidos representados, fronte ao vasco que ten seis e o catalán que ten cinco. Quere dicir iso que dos tres partidos galegos, dous están no goberno: o nacionalista e o de esquerda. E hai un único partido na oposición, o da dereita españolista, o Partido Popular (PP). Os estímulos críticos parlamentarios que lle chegan ao Goberno son os do PP e sempre son para arrastra a Xunta para a dereita. Iso explica a timidez e a covardía do goberno á hora de iniciar as refeormas que o país esixe.

“**Eu milito na Fronte Popular Galega (FPG).** Sei que teño que estar nun partido porque senón non respiro. É a idea de Lucas: entre o pensamento e as masas ten que mediar o partido como filtro. É o lugar de reelaborar o pensamento. Unha importantísima corrente de votos nacionalistas e de esquerda acaban no BNG, porque os electores ven nel o partido máis de esquerda e máis independentista. Representa iso nas circunstancias actuais. Por esa razón o Bloque baleirou e succinou todo os depósitos dos votos comunistas do antigo PC. Esa é a miña interpretación, non a da FPG. Unha dinámica así convértese na práctica nun bipartidismo: A dereita unida solidamente e a esquerda e o nacionalismo unidos postelectoralmente. Pero un parlamento onde estivesen a FPG e Esquerda Unida (EU) cambiaría totalmente. Unha cousa é ter a Yolanda Díaz, a Mariano Abalo ou a min no Parlamento e outra moi distinta é ter Núñez Feijóo. Non é que sexamos máis listos senón que dicimos cousas diferentes.

“**Ás veces leo os periódicos de Madrid e véxoos monotemáticos co problema vasco.** Parece que é máis vasco Jimenez Losantos que os porpios vascos. O vasco é un conflito armado, un conflito político, que deberá resolver o pobo vasco coas súas organizacións. A violencia resólvese coa negociación. Esa guerra só pode acabar mediante a negociación ou a vitoria dalgunha das partes e eu, particularmente, non vexo a España capacitada para vencer militarmente en Euscadi. O camiño que quere ETA e o que dixo Zapatero que quería é a negociación, e o pobo español parece que está tamén de acordo porque votaron por Zapatero e non por Mariano Rajoy.

“**En Galicia foi onde houbo máis loita armada tras a guerra civil** e, de feito, durante os primeiros anos do franquismo tivemos a única loita armada do estado español. E houbo a UPG durante o franquismo e outros conatos de organizacións, de formas de resistencia armada contra o trazado da autopista, por exemplo,

intentos que ao final se viron reducidos. Porén, todo o mundo mirou que esa vía non era adecuada e abandonouse. Abandonouse agás un grupo que leva accións de pequena violencia e que eu creo que están equivocados.

“**A fin do bloque soviético foi moi triste para min.** Se me dicesen cinco minutos antes que ía caer o muro de Berlín, non o crería. Eu era moi simpatizante da Republica Democrática de Alemaña. A reunificación alemá foi, en realidade unha anexión en regra. O da Unión Soviética foi outra cousa: un harakiri. Non teño nin idea de como foi posible aquilo, como de pronto a xente tolea e cambia unha situación como a que había por esta brutalidade e este capitalismo bestial... Son cousas que ocorren: tamén caeu o Imperio Romano e caeu Bizancio... Todo pasa e nada permanece. Permanecen os que en teoría eran máis febles, como podía considerarse a Cuba. Iso é moi importante porque lle serven de exemplo a outros, como agora acontece en América Latina, onde varios países lle están a poñer serias dificultades ao capitalismo. O que pasou en Venezuela é asombroso: estallou dando unha volta ao país de arriba a abaixo e sen necesidade dunha ditadura do proletariado e dun réxime autoritario. O presidente venezolano, Hugo Chávez, ten dotes sobrenaturais de convicción. Non sei como hai aínda venezolanos que non están convencido porque todo o que di é verdade. En Latinoamérica, agás o caso de Lula no Brasil, que é á parte, os partidos de esquerda teñen como referencia a Cuba e manteñen boas relacións comerciais.



“**Na chamada Nova Narrativa é onde empezou a Literatura en galego,** non só a desapegarse da súa propia tradición, senón de todo aquilo que representaba Ánxel Fole, con tanta aldea e tantos lobos, ou con Cunqueiro. A discusión abriuse con Gonzalo Rodríguez Mourullo publicou *Nasce un árbore* e non gustou. El abandonou a literatura. A Nova Narrativa ía fundamentalmente contra o realismo español, contra o que triunfaba en España e aí houbo gran polémica e grandes enfrontamentos e houbo discusión e finalmente gañou a nova narrativa galega. O novo levou o vello por diante, como adoita ocorrer.

“**Na Literatura galega vexo un panorama que nunca foi tan rico e abondoso,** nin squera na época dos cancioneros. A riqueza é a que dá a multiplicidade e os puntos de vista contrarios que se enfrontan. Non hai moita polémica pero si estéticas distintas. Temos, por primeira vez, un escritor que rompe as fronteiras de invisibilidade como é Manolo Rivas, algo que non lle regalou ninguén, que el conseguiu a pulso co seu talento e está traducido ao francés, ao inglés, aos alemáns. Iso é un fenómeno que serve para indicar que a Literatura galega entrou noutra dimensión.

[Para o diálogo de Mugueimes e Urce Branca. Sobre o poema de Xosé Luís Méndez Ferrín]

MUGUEIMES: Olla esta fundación: “Erguede, dixo Safo...”.

URCE BRANCA: Fundación? Non fora Rosalía?

MUGUEIMES: Ben, si, desde logo: Rosalía. Os clásicos poden ser eternos, pero a materia do mundo oxídase.

Se cadra ela non podía arrastrarnos máis. Xa entrara no Castelo de Arianrhod e xa saíra, esgotada.

URCE BRANCA: Arian... que?

MUGUEIMES: E se digo Parnaso? Ou o ceo de tubas de Pondal? O Castelo do que che falo está en Gales, está na constelación da Coroa Boreal. Dionisos regaloulla a Ariadna. Quen entra na diadema de estrelas, Alphecca, Nusakan, a cunca do derviche, ingresa pola boca dun inferno onde ninguén volve.

URCE BRANCA: Caraallo! Pero el non sería o único, ou si?

A nosa poesía foi fundada cinco veces. Sete. Os cervos, Manuel Antonio. E despois del...

MUGUEIMES: Despois del o ceo volveuse de alcatrán.

URCE BRANCA: Non quero encher isto con nomes. O poema é previo aos nomes. O poema de Ferrín é unha elexía. Sempre escribe elexías.

MUGUEIMES: Sempre. Pero as elexías poden limitarse a fluír, ilustrar. Non acaban nunha glosa?

URCE BRANCA: Non no seu caso. Medran coma as catedrais, coma a ciencia laica. Só se precisan unha corda e unha pedra. Despois faise unha aspa e da aspa nace un cadrado. O resto é o que flúe, nunca fóra do plan. Da necesidade.

MUGUEIMES: Pon un exemplo.

URCE BRANCA: Con pólvora e magnolias, claro. É unha ecuación, poñamos un encrucillado fractal que se duplica e intercambia as coordenadas. O eixo vertical é o tempo inmóbil, a morte, a culminación do proxecto burgués, o cristal limpo, a nación vella. O horizontal, o progreso, a morte e a pólvora, dos que ninguén regresa tampouco, xa que falabas de mitos.

MUGUEIMES: O amor?

URCE BRANCA: Participa tamén dos dous. Imos acabar falando de cousas raras. N´O fin dun canto retorna, produce vexetais vizosos que se curvan, agosto detense. Ceibo nomea a lúa, os ciclos do cereal. É a Terceira Elexía. A primeira fora o Sirventés pola destrución de Occitania. Un subministro de armas para a República. E na Segunda, os eixos que tracei sobre esta mesa de papel onde compartimos a augardente sintetizan o programa da Unión do Pobo Galego, hoxe FPG.

MUGUEIMES: A nación traía logo a morte? Rescatábanos do pánico, coma os heroes do Castelo? Eu creo que nos rescataba da Beleza.

URCE BRANCA: Non comprendo moi ben. Quererás dicir que nos rescataba da presumible reactivación do Partido Galeguista, que é no que andan agora no Hórreo. Fíxate nas metáforas de... de Heaney? Os pozos, os instrumentos para extraer terra, a fonética materialista da Terra. No noso fondo el, Ferrín, cavou cos mineiros de Lousame. Non ósos, nin guerreiros convertidos en coiro polas lagoas de turba. Que podía ser.

MUGUEIMES: Terra. Sería unha redundancia, escribindo en galego.

URCE BRANCA: Parécecho. Todo estaba disposto para extraer constelacións, esas se cadra das que falabas antes. Na banda esquerda do río esperaban, fomentaban, poñámolo ben, unha versión noroeste da clandestinidade española. A que agora está no goberno da Xunta. Eses escribían fatal, por certo. Ferrín resultou completamente inesperado.

MUGUEIMES: Ninguén o esperaba en Galicia?

URCE BRANCA: Nin noutrures. Mediron mal o alcance: resistiu todas as augas rexias e dinamitou varios tesouros até que deu creado o seu propio lector. Debe ser iso que chaman “adiantarse ao tempo”.

MUGUEIMES: Acabou mesmo destruindo as malas lecturas, as desviacións ocas do sentido, que duraron

quince anos ou por aí. E Estirpe? Parece botar un paso atrás, ves? Ao mellor non hai tanta elexía. Simplificamos. En todas as obras lense instrucións contra a decadencia. Do contrario...

URCE BRANCA: ...do contrario fundaría o neodecadentismo. Pero iso xa o fixera Cunqueiro.

MUGUEIMES: Nunca me deixas acabar. Dicía que do contrario os puntos de fuga absorberían as nosas palabras. Falo do idioma, das épocas que contén. Non hai tal porque Estirpe posúe un sentido da ironía moi... Non se trata de instrucións, senón dunha práctica sen a que non habería Poema.

URCE BRANCA: El di que detesta a ironía.

MUGUEIMES: Madia leva. A súa vida non che é nada irónica. Pero Estirpe funciona como silabario para quen queira escoitar unha historia que xa estaba contada. El é mestre, coñece as virtudes da repetición. De todas as maneiras o núcleo da obra, “Quai des brumes”, segue sen descodificar. E non me parece a Cuarta Elexía...

URCE BRANCA: A cuarta é Contra Maqueiro, unha obra crepuscular, un balance. A estrutura final é tan complexa que ocorrerá igual ca o que pasou con “Triste Stephen”. Empezamos a entendelo, polo menos algúns, cando a obra semellaba pecharse. Ferrín sementa de buratos negros cada libro, uns van enlazando con outros, mesmo coa obra narrativa. Breña, Esmeraldina e Contra Maqueiro.

MUGUEIMES: E máis. Coma o xardín botánico de Coimbra, se algún día quedase abandonado e volvesen invadilo as sobreiras e a hedra negra e as semprenovais pegasen o seu cu nas estatuas labradas. Ferrín deixa espazo para o horror da natureza. Onde veríamos iso antes?

URCE BRANCA: En Pound, ou Kurtz, ou en Otero. Ou en Vigo. Resumindo...

MUGUEIMES: Empezábase por unha fundación. E as elexías, e o inesperado. Pero que foi o que fundou? Agora si que me prestaría que me interrompeses.

URCE BRANCA: O idioma, outra vez. A lírica na que por fin hai corpos que súan. O amor, o traballo. Dentro collen vulgarismos, requintes, louvanzas, somanas e tarecos. Así que xa ves, o inferno resultamos ser Nós-outros. O inferno é o que ninguén ousara nomear. Había que repetir o xesto fundador e ninguén quería facelo porque o metal retorto manca, os andamios son inestables. No café artista estase como dios. No inferno había o metal e había unha fábrica rebordante, esmerís, ouralita, autómatas, pascualinis, un barco que se movía por fin. Parecía imposible de nomear.

MUGUEIMES: Parecía. E fóra? Cando digo fóra non falo de España nin de Portugal, bastante temos con aturar a súa común ignorancia. Aínda que sempre hai quen volta da prevención colonial e pásalle coma a Nós. Non o esperaban.

URCE BRANCA: Os seus compañeiros de xeración reciben o Nobel e o Cervantes, o que lles corresponde. Naceron nun Estado, ou nunha literatura de ricos.

MUGUEIMES: Eu creo que no fondo dicimos o mesmo. Ti e mais eu, digo.

URCE BRANCA: Ti e mais eu somos partisanas.

MUGUEIMES : Por suposto. E se non fose o caso diríamos o mesmo igual, ben; non o diríamos, pensaríamolo.

Recoñecer a lucidez máxima na poesía e negarlla despois ao mellor dos nosos poetas é un acto de cinismo.

URCE BRANCA: De quen?

MUGUEIMES: De quen adormeceu no Pomar dos caraveis roibos, do militante fantasía que espertou da revolución á sombra dun buque gaseiro furando o horizonte. Pero resisten Daniel, Moncho, Amadita coa cabeza orgulloza contra o muro.



[*A novela de Ferrín*]

Onde vai que resulta un lugar común dicir que Méndez Ferrín é un gran poeta, un senlleiro contista, un ensaísta de grande prol e mesmo un imprescindíbel opinador e articulista pero que, sendo un grande escritor (e intelectual, político xa non tanto), non é bo novelista. Todo o caudal de fartura estética, temática, de diálogo intercultural e interliterario, toda a forza renovadora, o pulo vangardista, todo o feitío orixinal que aquí e acolá se lle atribúen ós seus poemas e ós seus contos, néganselle ás súas novelas. E persoalmente creo que é este un xénero que o autor de Ourense cultivou cunha brillantez, como mínimo similar, á daqueles outros polos que, mediante a crítica e os lectores, foi unanimemente consagrado. ¿Por que? Pois, basicamente, para min, porque a novela de Ferrín non resulta dixeríbel se se le nas claves da novelística española ou portuguesa do seu tempo. É preciso acudir á vangarda, é preciso non perder o fío de Joyce, Kafka, Faulkner... (estes si consagrados).

E de Mourullo ou Camilo Gonsar. Porque a novela de Ferrín é Nova Narrativa toda ela. Probabelmente máis Nova Narrativa, no seu conxunto, cós seus contos. E foi o autor quen tivo que encargarse de darlle nome a ese movemento, a esa corrente, e de definir estas novas formas de narrar en galego, autóxenas e coetáneas do Nouveau Roman francés, que con tanta forza naceu nos anos cincuenta. Con tanta forza e con tanto descaro, pois que os críticos oficiais (Ramón Piñeiro e Carvalho Calero), defensores dun esencialismo literario á galega (lirismo, paisaxe e humor), a recibiron a paus, os paus que levou especialmente Mourullo, os paus que levou ese fulgor que se chama 'Memorias de Tains' (Ed. Monterrey, 1956). A cuestión asaltou as páxinas da prensa, dos ensaios e das recensións. E foi tamén Ferrín quen se posicionou abertamente e defendeu a Mourullo destes ataques desde as páxinas de 'La Noche' (1956) ou xa na década dos 60, desde Vieiros, a Mourullo, Queizán, Gonsar, Xohán Casal...

E a práctica narrativa de Ferrín non podía ser allea a estes principios e a estas implicacións. Non o foi, e menos en novela. 'Arrabaldo do norte' (Galaxia, 1954), moi directa e intencionadamente inspirada no 'Dans le labyrinthe', de Robbe-Grillet (líder teórico e práctico do Nouveau Roman), amosa un galego e unha Galicia totalmente inéditos,

tomados de Kafka, pasados por Tains e polo labirinto do Vigo obreiro. 'Retorno a Tagen Ata' (no Moucho de Castrelos, 1971), aínda que novela pequena (e anotada, iso si), é capital por moitos motivos: nela cristaliza o macrotexto do autor, elabórase a national allegory da que en 1986 fala F. Jameson, flexiónase en paisaxe a metonimia política que modulara Otero Pedrayo e que formulara Rosalía de Castro e imponse un novo concepto de retorno: a espiral. Non está fóra da Nova Narrativa 'Antón e os inocentes' (Xistral, 1976), completada e ampliada na súa afouteza narrativa por 'No ventre do silencio' (Xerais, 1999). Agora ben, o Ferrín novelista, desde o noso punto de vista, consegue eleva-la literatura galega a unha das súas máis poderosas e singulares cimeiras cando publica *Bretaña, Esmeraldina* (Xerais, 1987). Kafka, Robbe-Grillet, Jack London, Cunqueiro, a saga/fuga de Torrente, Foucault, Marx, os románs artúricos, a lírica medieval europea, Dante, Quevedo, literatura africana ('Tutuola), brasileira (Euclides da Cunha), francesa/bretoa (Chateaubriand)...

Cume tamén da Nova Narrativa galega, 'Bretaña, Esmeraldina' é todo un manifesto que defende a dependencia do campo literario ó tempo que nos regala as poéticas do eu á procura en sociedade, as da lectura e da escritura (libro de libros, entrelazo), a da ficción (o espello, a mise en abyme), a do regreso, a espiral, a dialéctica marxista. E cómo non ver nesta obra, nesta cadea do estranxeiro bretón Amaury, a actualización da alegoría nacional?, os debates do campo político nacionalista?, o nacemento do independentismo político organizado?, un poética do individuo e das multitudes nas modernas sociedades de vixilancia e control? Porque as novelas de Ferrín, ademais de consolidaren o galego literario elevándoo deica uns niveis ata a súa escrita descoñecidos, ademais de nos deixaren en ficción a crónica dos nosos nós políticos, poetizan, como fixo Robbe-Grillet, como fixo Mourullo, como fixeron Kafka, Joyce, Faulkner..., dunha maneira "nouvelle" e no mesmo século, a alienación nas sociedades contemporáneas. Noutras palabras, as novelas do noso autor son iso que tanto lles gusta decer a algúns: literatura literatura.

[*Un coiazo no cristal*]

Non é corrente, nesta terra de relación tan ben levada cos mundos dos mortos, un recoñecemento público tan unánime a unha figura literaria, cultural e política viva. Aínda non tivemos, por exemplo, a decencia colectiva de facer académico a Bernardino Graña; se cadra interesan máis outras paisaxes. E mais X. L. Méndez Ferrín, o escritor, parece merecer hoxe ese recoñecemento. Sempre, iso si, que o seu mérito literario non lle comparemos outros méritos inseparables da persoa. Tamén temos tradición niso: de Castelao díxose que era un bo debuxante, nunca un político admirable nin un intelectual crucial nin un escritor con nervio emocionado; de Otero Pedrayo inventaron unha fidalguía que o progresismo ‘comme il faut’ non podía apetecerlle; Celso Emilio, ó cabo, non era máis ca un poeta social sen profundidade literaria da de verdade; Rosalía, unha chorona, santiña, carente de toda pulsión política na extensión verdadeira do termo. E así poderíamos continuar ata esgotarmos o cadro completo dos autores e autoras que desde o Rexurdimento veñen pegando con simple auga de chuvia o brillante edificio da literatura galega. E Ferrín non había ser menos. A moita honra.

Ferrín irrompe na literatura galega coa forza dun coiazo estampado contra un cristal. Unha forza que dissolve nubes mestas. A súa pluma implica modernidade, apertura ó mundo sen pasar pola alfándega española, e, no meu entender, un paso máis aló que impide, por facela obsoleta xa antes de que chegue a se formular de todo, esa tentación fundacional de estruturar o edificio literario nacional coa materia lánquida do paraíso perdido dun tempo e dun espazo míticos. Non é que Ferrín constrúa el só o campo literario galego, pero contribúe dun xeito senlleiro a lle fornecer os espazos que actualmente habita, que son todos. Ou sexa, a facer del o único territorio liberado, a única República que temos. O único ámbito autenticamente normalizado. Coa excepción, quizais, do mundo virtual da TVG, pero este é posterior e está afectado por grandes buratos negros de difícil comprensión, como esa teima en investir diñeiro en producións audiovisuais estrañas á lingua. Pero esa é outra cuestión, aínda que o campo audiovisual que nace en Galicia podería apelar menos ó lucro e seguir o exemplo conceptual do campo literario, que se configura independente, diferenciado, contra a subalternidade, ó redor da lealdade radical á lingua.

A literatura que nos ofrece Ferrín arma textos novos e impugna textos vellos, sempre desde dentro da casa, proxectando unha normalidade alternativa que a realidade histórica cambiante —non no esencial, é dicir, na subalternidade nacional e no dominio de clase— non permite case que nin en soños. O gran mérito de Ferrín, da súa literatura, consiste non só na beleza dos seus textos e noutros trazos xeniais ós que poderíamos acudir deica a hipérbole, senón tamén —ou sobre todo, por que non— na vitoria definitiva sobre a subalternidade. Sen volta atrás. Os textos de Ferrín fundan unha normalidade cultural, lingüística e nacional alternativa ó tempo que penetran coma unha fera na carne viva dos conflitos sociais e humanos, na propia condición humana, coa exactitude da subela, como só os grandes escritores dan captado.

A literatura de Ferrín ofrécelle á historia da cultura galega unha normalidade alternativa que aínda non se coñece, ou non é hexemónica, no plano da realidade aparente. Mais ofrécella porque detrás hai un ser humano indivisible, que non acepta ser obxecto de estudos parciais. É dicir, tras o Ferrín escritor, ou confundido nel porque é a mesma figura, a mesma persoa, está o Ferrín social e político. Humano. Xa que non hai literatura que non se comprometa, a de Ferrín abrázase a un proxecto político que o autor vai semeando en todos os pasos que ousa dar por este mundo. Pero non ó xeito dun realismo superficial, senón coa forza dun coiazo no cristal. Ese é o Méndez Ferrín que haberá que seguir reivindicando, o orgánico, o indivisible, o ser humano en todas as súas dimensións. Para derrubar esa lenda urbana, a mesma que afectaba a Castelao, Otero, Rosalía e outros, a que nos mente ó falarnos dun enfrontamento trágico entre un Ferrín literariamente importante e un Ferrín politicamente insubstancial, extremista, errado, sectario, radicalmente enganado e incapaz. Comprometida lenda. Pero non. Nin é real a incompatibilidade nin é correcta a caracterización do Ferrín político. Este carrega arreo a dignidade orgullosa dun proxecto que só coñece o idioma da emancipación.

Ferrín seguiu chamando comunista na noite máis negra dos tempos, cando a historia se guindaba ó baleiro e os pobres do mundo pasaban a ser os restos arqueolóxicos dunha canción que xa nin tiña dereito a existir. E segue asumindo tal condición mesmo cando o proxecto con máis potencia liberadora se exhibe nos húmidos salóns da burguesía como unha película de terror de serie B. Quizais iso explica a ausencia de pontes entre a súa literatura e o seu compromiso político; son territorios que non precisan pontes en Ferrín, que se confunden un no outro e se orixinan reciprocamente. Da mesma maneira que Ferrín non é imaxinable sen a súa literatura, esta non sería a que é se Ferrín non fose comunista e desexase un futuro (o antes posible) de plena soberanía (ou sexa, independencia) para Galicia; se non habitase permanentemente este lado da barricada, sempre onda as causas xustas dos desposuídos e dos explotados, sempre con cada reprodución histórica da Comuna e de Outubro.

Ese é o Ferrín que eu coñezo desde hai máis de vinte anos, co que teño a sorte de compartir espazos como ‘A Trabe de Ouro’ e de cuxo maxisterio humilde me sigo enriquecendo.